



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA  
DE GALICIA



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



## CURSOS DE FORMACIÓN GRATUÍTOS

Xunta de Galicia. Imparte cursos tanto para persoas desempregadas como para persoas traballadoras. Son gratuítos porque están cofinanciados pola propia Xunta e o FSE (Fondo Social Europeo). Habería os seguintes tipos de cursos:

- **Cursos dirixidos prioritariamente a persoas desempregadas.** Hai que estar inscrito no SPE (Servizo Público de Empleo)
  - **Plan AFD (Accións formativas prioritarias para desempregados).** A programación empeza a saír sobre marzo - abril e os cursos, con carácter xeral, teñen que estar acabados o 30 de novembro. Podes consultar tanto o catálogo de especialidades como a listaxe de cursos e centros na páxina web da Xunta de Galicia, na oficina de emprego e no taboleiro da Casa de Pedra. Se estás interesado nalgún curso tes que demandalo na oficina de emprego ou a través do portal de emprego da Xunta de Galicia solicitando o servizo co código correspondente.
  - **Cursos cofinanciados polo FSE.** Son accións formativas experimentais e complementarias do Plan AFD. Pódese consulta-la listaxe de cursos nas oficinas de emprego, a través da páxina web da xunta e no taboleiro da Casa de Pedra.

As programacións de ambos tipos de cursos pódense consultar no seguinte enlace: <http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificacions>

- **Cursos dirixidos a traballadores / as ocupados / as.** A programación sae, con carácter xeral, sobre setembro - outubro e acaba deica o verán. Para poder optar a realizar estes cursos hai que anotarse directamente na entidade que os imparte. Na páxina web pódense ver tódalas concesións da Xunta de Galicia pero para acceder a máis información recoméndase visitar a páxina web de cada entidade ou solicitar máis información por teléfono.
  - **Cursos cofinanciados polo FSE.** Son accións formativas experimentais e complementarias. Enlace páxina web xunta <http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificacions>



Concello de Camariñas



- **Contratos programa.** Teñen como finalidade a mellora das competencias e cualificacións así como a actualización e especialización profesionais das persoas ocupadas. Poden ser de carácter sectorial (hai que ser traballador / a nun determinado sector) ou intersectoriais (pode optar calquera traballador independentemente do sector de ocupación). Resérvanse un **máximo do 40 % das prazas para persoas desempregadas**. Modalidades:
  - **Plans de formación intersectoriais.** Están impartidos a través dos sindicatos, confederacións de empresarios e asociacións profesionais. Hai formación específica para persoas traballadoras de calquera sector de actividade, autónomos e cooperativas.
  - **Plans de formación sectoriais.** Impártense a través de asociacións empresariais.

A programación dos contratos programa pódese consultar no seguinte enlace <http://traballo.xunta.es/plans-de-formacion-2012-2013>

**Deputación Provincial da Coruña.** A deputación en ocasións ten algún programa formativo dirixido a persoas desempregadas empadroadas nalgún concello da provincia. Actualmente está a desenvolver un proxecto denominado Rede Xiana. Podes atopar máis información na Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas ou na páxina web <http://www.redexiana2.eu/>

**Concello de Camariñas.** O concello imparte cursos, hai que anotarse e , no caso de que vaia haber algún dos cursos solicitados chamaríante por teléfono.

- **Informática.** Encher unha solicitude no Centro de Iniciativas Empresariais (pegado ó centro de saúde de Camariñas) 981736506
- **Resto de cursos.** Encher unha solicitude na Casa de Pedra 8:00 - 15:00. 981737004

De vez en cando sae algunha convocatoria especial, hai que estar atentos á páxina web municipal, ó Facebook e Twitter da Axencia de desenvolvemento local, ós carteis que se poñen nos edificios municipais e nas parroquias e ó taboleiro da Casa de Pedra.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA  
DE GALICIA



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA

Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas



## Contratos Programa Intersectoriais

- Enlace cursos páxina Xunta de Galicia  
<http://traballo.xunta.es/plans-de-formacion-2012-2013>
- CCOO (Comisións Obreiras) 981551800  
<http://wiki.foremgalicia.eu/tiki-index.php>
- UXT (Unión Xeral de Traballadores) 981577171  
[www.ugtgalicia.org](http://www.ugtgalicia.org)
- CIG (Confederación Intersindical Galega) 986272075  
<https://cigrede.interface.es/>  
<http://forga.info/web/>
- CSI - CSIF (Central Sindical Independiente y de Funcionarios) 981060323  
[www.csi-csif.es/galicia/mod\\_formacion.html](http://www.csi-csif.es/galicia/mod_formacion.html)
- USTG (Unión Sindical de Traballadores de Galicia) 981333033  
[www.ustg.es/intro.htm](http://www.ustg.es/intro.htm)
- USO (Unión Sindical Obrera) 981129108  
[www.usogalicia.es/6html](http://www.usogalicia.es/6html)
- Confederación de Empresarios da Coruña 981136901  
[http://213.60.223.242:32000/matriculaciones\\_cursos/pfc\\_cec/](http://213.60.223.242:32000/matriculaciones_cursos/pfc_cec/)
- Confederación de Empresarios de Lugo 982231150  
[http://213.60.223.242:32000/matriculaciones\\_cursos/pfc\\_cel/](http://213.60.223.242:32000/matriculaciones_cursos/pfc_cel/)
- Confederación de Empresarios de Ourense 988391110  
<http://www.ceo.es/pagina.aspx?p=3>
- Confederación de Empresarios de Pontevedra 986439611  
[www.cep.es/webSite/index.php?action=viewSectionContents&idSection=211&idArea=702](http://www.cep.es/webSite/index.php?action=viewSectionContents&idSection=211&idArea=702)